

As boas intencións

Vicente Araguas

Cando chega o momento en que os partidos de fútbol deban decidirse, logo da consabida prórroga, polo sistema das penalidades os adestradores adoitan empregar os mellores xogadores, os “cracks”, os que nunca deberán liscar de semellante intre (como fixera o as deportivista, Bebeto, naquel mítico Deportivo-Valencia) para os lanzamentos primeiros e derradeiro. Sempre e cando o choio acabe no quinteto. Se logo, habendo empate, a cousa continúa será outro cantar.

Análogo procedemento emprega Álex Alonso (Vigo, 1968), no seu libro de relatos, *Tempos de bebidas isotónicas e fast-food* (Edicións Xerais, Vigo, 2016), XVII Premio de Narración Curta Ánxel Fole. Reservando, ou tal me pareceu a min, os dous mellores contos para abrir e pechar o libro.

O curso de novas tecnoloxías, relato que enceta esta boroa é un auténtico delirio, que lin entre o sorriso e a gargallada, no que Alonso demostra o seu finísimo oído (orella de porco, con perdón das súas caras) para reproducir a fala popular. Neste caso, o dunha dona no proceso de aprender a manexar un ordenador, e como lle vai contando o proceso a unha amiga. *Dora a exploradora*, a sobremesa do xantar proposto por Álex Alonso é toda unha historia, merecente se cadra de maior lonxitude, dun nacho e unha rapazola que contactan a través da rede, e que deberán recoñecerse. El, cunha camisola de Bob Esponxa. Ela, de Dora a exploradora. O que vén despois non quero (nin debo) anunciálo. Dicar, sinxelamente, que ten forza, plástica e “pathos”.

Logo destes dous contos, vou salientar o que se chama *Un feliz cruceiro polo Mediterráneo*, porque transporta o primeiro plano, bucólico a un segundo, sumamente trágico: mais a cousa é a grande habelencia do autor para facer o “transfer”.

¿E os demais contos, pasa con eles? Pois pasoume, lin todos, lástima fora e a fe que se len ben, que non termino de crer neles. Non porque no mundo non haxa corrupción política, cregos porcallentos, pais paidófilos, xentualla que fai “bullying” nas escolas, sicópatas quen de matar á nai co coitelo de untar “Tulipán”, etc. Hainos, e xentiña peor aínda.

Pero sigo sen acreditar que a literatura estea para denunciar tanta maldade a xeito de “caricatura”. E de puros malísimos, uns, e sufridores, outros, non termino de ver neles senón espantallos. Á parte de que para de que para contos como *¿Píkache o cu?* Abóndame con ler a prensa, onde as Ritas Barberá están decote (e decotío). Logo retruécanos como o de so cerdotes téñoos, tamén, máis que vistos. En fin, que as boas intencións non chegan para encher un libro.

Un libro, xa digo, que empeza e remata tan ben como unha boa sesión de penalidades. Para o que se tivese reservado, no medio, un bo lanzador. Sobre todo cando aquí hai un escritor que sabe o que ten entre mans e manexa ben diálogos e soliloquios